
LIBRO DAS COLUNAS EMIGRAR EN TERRA PROPIA

LUÍSA VILLALTA

É ben sabido que somos xente emigrante. Pero o que poucas veces se pensa é que para emigrar non fai falta moverse do sitio. E isto é o que nos pasa a nós, que *somos* emigrantes, saiamos da terra ou non. O que acontece coa lingua é todo un síntoma do que estou dicindo, e até nin creo que sexa o único, pero si o máis dramático. Cónstanme dunha muller, amiga da nai dun alumno non moi estudoso, que se aprontou a darlle un consello: «Que non faga o parvo. É total para que quere o teu fillo o *gallego*? Co *gallego* non pasa de Astorga!» Como se o rapaz tivese xa feita a maleta. E, para ser de Burela a muller, aínda atinou bastante ben, cando menos en dirección Madrid, ela que nunca precisou tampouco de ir aí moi lonxe. Parécese un exemplo elocuente dun sentir estendido. A lingua é a primeira estrada a coller se as cousas se poñen mal e, como moi ben nunca andan tampouco, pois hai que poñerse, por se acaso, permanentemente en camiño, non sexa que quedemos atrás.

...

Luísa Villalta

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

17 de MAIO de 2024



**LUÍSA
VILLALTA
GÓMEZ**
[1957-2004]



Luísa Villalta Gómez naceu na Coruña, na rúa Vila de Laxe, o 15 de xullo de 1957.

De pequena estudou na súa cidade natal, primaria no colexio das Xosefinas e o bacharelato no Instituto Eusebio da Guarda.

Na Universidade de Santiago de Compostela licenciouse en Filoloxía Hispánica, Subsección de Galego-Portugués.

Aprobou as oposicións para profesora de secundaria e impartiu clases de galego nos institutos coruñeses de Perillo-Oleiros, Canido-Ferrol e Sada.

Foi colaboradora en moitas publicacións e xornais galegos: A Nosa Terra, Man Común, Grial, Luzes de Galicia... O *Libro das colunas* recolle os seus artigos publicados no xornal A Nosa Terra.



Arquivo familiar. Centro Ramón Piñeiro

Colaborou con entidades que defendían o noso idioma e formou parte, entre outras, da Asociación de Escritores en Lingua Galega e da Mesa pola Normalización Lingüística.

Tamén foi unha grande intérprete de violín, formando parte da Orquestra de Santiago de Compostela e da Xove Orquestra de Galicia.



Arquivo familiar. Centro Ramón Piñeiro

O seu primeiro libro foi unha obra de teatro, *Concerto para un home só*, ao que seguiron unha chea máis de libros de poesía, narrativa, teatro, ensaio...

Faleceu na Coruña o 6 de marzo de 2004, á idade de 46 anos.

Pola defensa da cultura de Galicia e do idioma galego a Real Academia Galega dedícalle, o 17 de maio, Día das Letras Galegas.